



O PP, a piques de aprobar o seu decreto contra o galego Por unha folga xeral de toda a comunidade educativa, incluíndo á escola concertada e a universidade

O Instituto Galego de Estatística (IGE) ven de publicar os últimos datos sobre coñecemento e uso do galego. E estes meten medo. En tan só 5 anos (de 2003 a 2008) o número de falantes habituais nesta lingua baixou 13 puntos porcentuais. Esta situación tanto lle ten ó PP, que está ás portas de aprobar o seu decreto lingüístico, que recortará horas de galego nas aulas.

A dereita despreza a nosa lingua, considéraa propia de pailáns. Aínda que o PP encha a boca con palabras acerca da “liberdade de elección” do idioma, o “plurilingüismo”, etc., o que lles move en realidade é o odio propio dos ricos cara á nosa lingua e o seu españolismo avasador. Todo o decreto sobre a lingua ten como único obxectivo reducir a presenza do galego na educación. Todo o demais (a suposta introdución do inglés nas aulas, o dereito a decidir dos pais, a harmonía entre as linguas...) non é máis que un adorno e unha farsa.

O ataque do PP ó idioma provocou unha resposta social espectacular en Galicia: 3 manifestacións de masas colapsaron Compostela (17 de maio, 18 de outubro e 21 de xaneiro) e unha folga educativa paralizou por completo o ensino. O PP viuse contra as cordas e empezou a retroceder. De feito, no novo borrador, que segue significando un ataque salva-

xe ó idioma, víronse obrigados a dar marcha atrás nalgúns aspectos.

O contido do decreto: os cambios

1.- Inglés. Como xa sinalamos noutros materiais, a proposta de introducir un terzo de horas en inglés era unha auténtica farsa. O primeiro borrador abría a porta a que se estas horas non se podían impartir en inglés -e era obvio que non se poderían-, distribuíríanse entre castelán e galego. Como a Xunta non tiña a menor intención de aumentar o orzamento para formar ó profesorado en inglés, pretendía que ese terzo de horas de “inglés” terminase por impartirse en castelán.

Cando se achegaba a hora de concretar cómo sería a introdución dun terzo de horas de inglés nas aulas, a Consellaría recula e no novo decreto relega a introdución de inglés a un futuro indeterminado. O proxecto estrela do PP, a educación en inglés, esvaeceuse deixando en evidencia a tosca manobra da dereita.

2.- Porcentaxes en galego e castelán. A intención inicial da Xunta era, como dicimos, que o terzo de horas reservadas a inglés terminase por impartirse en castelán. Finalmente, a masiva resposta social obrigoulles a dar marcha atrás. O novo borrador establece que a metade das materias impartiranse en galego e a outra metade en castelán.

En calquera caso, aínda que o PP tivo que retroceder parcialmente neste ataque, a realidade é que co novo decreto vaise prohibir a toda una serie de profesores dar a clase en galego. De feito, as materias de ciencias vanse dar íntegramente en castelán, co que isto supón de traba para cegar o noso idioma a ese ámbito.

3.- “Dereito a decidir” dos pais. O primeiro borrador establecía que os pais poderían elixir en que idioma dar o terzo de horas de inglés, se estas horas finalmente non podían impartirse nese idioma. Nisto, como comentamos, tamén dá marcha atrás a Xunta. Finalmente, o tan cacareado dereito dos pais a elixir o idioma (ademais de ser completamente antipedagóxico e de crear un grave conflito onde non o hai) queda en moi pouca cousa: unha vez cada algúns anos os pais poderán elixir se se intercambia entre un bloque de materias e outro o idioma utilizado (pero garantindo unha repartición ó 50%).

4.- O ataque salvaxe contra o galego mantense: o caso de educación infantil. Con todo, o plan estratéxico do PP segue en pé con este decreto. Este plan consiste en continuar minorizando o galego na sociedade; que continúe o seu retroceso e que acabe por ser residual. E o establecido no decreto respecto da educación infantil, vai directamente nesa dirección.

No decreto establécese que entre os 0 e os 6 anos, o profesorado empregará unha soa lingua e que esta será a maioritaria entre os pais dos nenos. Tendo en conta que nas cidades galegas máis do 80% da poboación fala só castelán ou maioritariamente castelán, isto implica que miles de nenos galegos chegarán ós 6 anos sen escoitar unha palabra de galego nin na súa casa nin na escola.

De sobra é coñecida a importancia vital da etapa de 0 a 6 anos para a adquisición dunha lingua. Con isto o PP pretende facer canteira. Se as novas xeracións son monolingües en castelán ata os 6 anos, é obvio as dificultades que terán no futuro para aprendelo (porque a partir desa idade só poderán “aprenderlo”, non asimilalo de forma natural). Non é ningunha esaxeración afirmar que, sen medidas políticas e económicas drásticas, a pervivencia do galego, a longo prazo, está ameazada. E este decreto contribúe a acelerar esta dinámica, e moito.

Basta de mentiras. Fóra as vosas mans do galego

En realidade, para alguén que descoñeza o decreto, deberían bastar as palabras de Gloria Lago, presidenta da ultraespañolista asociación “Galicia Bilingüe”, para saber por onde van os tiros. Esta señora escribiu un artigo, valorando o novo decreto, co significativo título de “Esto ya pinta bastante mejor”. Sobran comentarios.

Para terminar de indignarnos, o PP continúa a súa campaña contra a “imposición” do galego. Precisamente nun

Manu AC e Alberto Fernández

O pasado 10 de marzo, día da clase obreira galega, o sector Naval da provincia de Pontevedra volvíase a pór en folga. Nela, esixíase, principalmente, a inmediata reincorporación dos despedidos que houbo con motivo da folga polo convenio provincial do Metal en Pontevedra entre maio e xuño de 2009, pero tamén “que non se renegocie o convenio ás costas dos traballadores”, como afirman desde a CIG. A folga foi convocada en solitario pola CIG, sindicato maioritario no Naval, que non asinou o acordo ó que chegaron os dirixentes de UGT e CCOO coas patronais do sector e no que, entre outras cousas, asinaron a eliminación da Bolsa de Emprego, conquista lograda logo da folga polo convenio en 2006.

A Bolsa de Emprego supuña a regulación da contratación no sector, controlada polos sindicatos. Deste xeito, todo traballador que acabara contrato nunha empresa entraba na bolsa e volvería ser contratado por orde de entrada na mesma, co que se garantiría que o empresario non podería represaliar ós traballadores máis “conflitivos”, é dicir, ós máis combativos e reivindicativos.

A convocatoria de folga desatou novamente a hostilidade da patronal e a prensa burguesa. Pero o máis desconcertante foi a oposición dos dirixentes de UGT e CCOO á mesma, con argumentos que en nada diferían ós dos empresarios, ademais de acusar á CIG de asinar tamén esa supresión da Bolsa, cando o que en realidade asinaron, segundo afirma a propia CIG, foi unha moratoria de 45 días.

Con todo isto, e a pesar da abusiva presenza policial (cacheos e identificacións incluídas), o seguimento foi moi importante: un 80%, segundo afirma a CIG. A manifestación que percorreu as rúas de Vigo, fixo unha parada na acampada que teñen montada outros compañeiros despedidos do Naval.

Un mes acampados ante a Xunta

Xusto o día antes da folga estivemos charlando con algúns traballadores da Asemblea de parados do Naval, acampados desde o día 1 de marzo en fronte

Charla coa Asemblea de parados, un mes acampados en Vigo

10 DE MARZO FOLGA NO SECTOR NAVAL



do edificio da Xunta en Vigo. Son uns 40 traballadores, aínda que polo día hai algún máis. A súa principal reivindicación é un posto de traballo, o cal perderon coa “regulación” da contratación. Teñen a idea de estar acampados permanentemente, ata conseguir o seu obxectivo. Levan máis de 5 meses protestando, máis de 30.000 panfletos repartidos entre a poboación viguesa, asembleas en estaleiros como Freire, Barreiras, Santo Domingo e peches pacíficos nos vestiarios de Barreiras, onde “a policía desaloxounos coma se fósemos terroristas”. Saben perfectamente que non lles queda outro camiño que loitar porque como din “o que temos que perder levámolo posto; non imos pedir esmola porque temos un oficio (...) non imos parar”.

Cada día que pasa son máis os compañeiros que deciden acampar con eles, cousa que causa preocupación entre as “autoridades” laborais, que esperaban que a iniciativa durase pouco tempo. Entre os apoios que reciben está o dos delegados sindicais da CIG e o de boa parte da poboación traballadora viguesa. De feito, moita xente achégase para mostrarlles apoio e tráenlles alimentos,

que é o único que necesitan e piden para poder resistir acampados.

A razón pola que foron despedidos foi que “non había traballo”, cousa totalmente falsa porque como eles explican “mandan a casa a 30 compañeiros un venres e o luns entran 50 traballadores estranxeiros”. Por suposto, a estes traballadores explótanos sobremaneira, “cobran menos de 800 euros incluíndo pagas e extras, cando o soldo de oficial é de 1.300 euros; traballan sábados e domingos, 11 horas diarias”, é dicir, “rozan a escravitude”. Estes negreiros saben perfectamente as necesidades que teñen estas persoas, que ademais de cobrar menos, debido á súa situación, son menos “conflitivos”. A patronal trata de tirar pola borda todas as conquistas históricas e introducir o veneno do racismo con respecto a eses compañeiros de fóra, ós que explotan vilmente. Os compañeiros da Asemblea de parados teñeno moi claro: “a culpa é do empresario, que aínda por encima de non cumprir o estipulado no convenio, quérennos tachar de racistas, pero diso nada, nós estamos protestando porque se nos despediu”, e ademais, contratando a estes compañeiros tamén “están empeorando as condicións labo-

rais dentro dos estaleiros”, chegando ó momento ata de “controlar á xente o tempo de ir ó baño ou ata compañeiros que dormen nos coches ou nos vestiarios”. Algo totalmente inhumano e que nos devolve ás condicións do século XIX.

Traballo hai, “Barreiras ten carga de traballo a tope ata 2013”. Queda claro que os motivos dos despedimentos son de represión sindical, e non laborais. Saben que “hai listas negras da patronal” e eles están nelas.

O ambiente entre gran parte dos traballadores do sector “é de medo a perder o posto de traballo se protestan ou reivindicamos” e “debido ás represalias que toman os empresarios”. Cántannos, por exemplo, que “cando fomos a facer unha asemblea, houbo represión ó resto de traballadores; sacaron ata fotos dos compañeiros que asistían, que logo chegaron á dirección”. A pesar de todo, cara a eles “hai un gran sentimento de solidariedade e compañeirismo; ata cando fomos a algunha fábrica a informar da nosa situación, moitos compañeiros quixeron parar ese mesmo día”.

Comentan que “nós queremos que isto sexa a chispa; hai 4 millóns de parados, que facemos en casa? Nós o que queremos é que a xente nos mire e diga: por que non?”. Tamén opinan que “unha folga xeral sería ideal”, pero “teñen que involucrarse os sindicatos, eles teñen os medios”. E aínda que non teñen moita confianza nas direccións de CCOO e UGT e son moi críticos co papel que xogaron en todo este conflito, teñen claro que “coa base de CCOO e UGT si hai relación de compañeirismo e solidariedade”. En definitiva, que estes compañeiros saben perfectamente que non lles queda outra saída que loitar. Desde O MILITANTE desexámoslles éxito no seu obxectivo e querémoslles agradecer a súa amabilidade durante toda a charla. Pola nosa banda, estamos convosco, compañeiros.

1 de abril de 2010

O PP, a piques de aprobar o seu decreto contra o galego Por unha folga xeral de toda a comunidade educativa, incluíndo á escola concertada e a universidade

VÉN DA PORTADA
contexto histórico no que esta lingua retrocede máis rapidamente que nunca, no que nas cidades vai camiño de ser residual, no que a presenza do castelán é infinitamente superior á do galego (en TV, cine, música, literatura...) e no que aínda hoxe hai casos de discriminación laboral por empregalo en determinadas empresas. Fronte a todo isto, o PP atreveuse a dicir que o castelán perséguese en Galicia. É o mundo ó revés!

Todo a súa argumentación acerca de garantir unha “repartición equitativa” do castelán e o galego nas aulas omite que non se parte dunha situación de “igualdade” entre ambos os idiomas, senón dun claro retroceso do galego. Só unha política de fomento do galego na educación (e non só) podería reverter esta situación. Por iso, desde a Corren-

te Marxista O MILITANTE defendemos a consecución, progresivamente e cos medios humanos e materiais necesarios, dunha educación pública en galego.

Pódese tombar o decreto

A extraordinaria resposta social dada ó ataque do PP até agora reflexa que hai forza e ganas para tiralo abaixo. Os cambios introducidos no decreto, aínda que mantendo o esencial, demostran que o PP está moi nervioso. Que Feijóo fuxise e non presentase o novo decreto é unha mostra máis disto. Nunca houbo unha oposición tan unánime a un decreto sobre a lingua, que obrigou ata a institucións conservadoras a oporse. O éxito da folga educativa, con decenas de miles de profesores perdendo o seu salario ese día, reflíete a disposición a lo-

tar. Por iso, agora é o momento de dar un paso máis.

A plataforma Queremos Galego (na que está integrado tamén o Sindicato de Estudantes) actuou con moita determinación. As manifestacións convocadas e a folga educativa do 21 de xaneiro son un exemplo de como loitar contra a dereita. Con todo, na nosa opinión, tras o 21 de xaneiro era necesario dar continuidade á loita, tal e como expresamos publicamente. Era necesario convocar unha nova folga educativa, sumando á universidade e ó ensino concertado. Ademais, puidéronse convocar manifestacións comarcais o día da folga, en lugar dunha centralizada en Compostela, o que permitiría a decenas de miles de estudantes participar.

O PP estaba retrocedendo e unha folga aínda máis ampla tería posto en gra-

ves problemas á dereita. Con todo, Queremos Galego optou por centrarse en conseguir firmas para unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP). Isto, que como método auxiliar é positivo, non debería substituír a unha nova convocatoria de folga, cando que, ademais, a ILP só sería simbólica, xa que a maioría absoluta do PP no parlamento a tomaría sen máis.

Por outra banda, dende a plataforma estase a chamar ó profesorado a incumplir o novo decreto. Máis de 4.000 profesores xa afirmaron que así o farían. Por suposto, saúdamos calurosamente esta mostra de valentía e de decisión de loita. Non podemos tolerar ningún ataque contra ningún destes compañeiros. Dito iso, o fundamental non son as saídas individuais, se non que temos que lograr tombar o decreto de xeito masivo na rúa.

En calquera caso, aínda hai tempo para tombar o “novo” decreto. Pero é necesario que os dirixentes sindicais e a plataforma Queremos Galego se poñan desde xa a organizar concienzudamente unha nova folga educativa, na liña arriba sinalada.

Represión contra a plataforma Salva o Tren

Entrevista a Lucía Latorre

Lucía é, xunto con Fernando, a dirixente da plataforma **Salva o Tren**. Ambolos dous empezaron en solitario, xa hai moito tempo, un combate titánico contra a eliminación do Tren Rexional en Galicia. En contra teñen á Xunta, ó Ministerio de Fomento, ó Subdelegado do Goberno en Pontevedra, que semella disfrutar multándoo, e os intereses das multinacionais. Todos os esforzos feitos para lograr o apoio dos dirixentes do BNG e do

PSOE foron, ata o de agora, infrutuosos. E sen embargo, estes dous veciños do pequeno pobo de Portas son absolutamente incombustibles. As páxinas da prensa galega vense obrigadas a publicar a súa incansable actividade (manifestacións, concentracións, repartos de propaganda, actos públicos...) en contra da eliminación do tren. A súa militancia heroica é unha fonte de inspiración para nós.

O MILITANTE.— Hai unhas semanas, a policía esperaba a Lucía á súa chegada á estación de tren de Vigo. Que ocorreu exactamente no tren? Cóntanos detalladamente o incidente.

Lucía.— O pasado día 9 pedínlle a unha compañeira que me levara ata a Estación de Tren de Vilagarcía para viaxar a Vigo, xa que desde o 19 de xullo de 2008 ó meu pobo, como xa ocorreu noutros 16 e ocorrerá en toda Galicia, perdeu o Servizo Ferroviario e quedou sen ningún tipo de transporte público, polo que se quero viaxar a Vigo en tren o máis doado que teño é facer 10 Km en senso contrario (en dirección A Coruña) para despois desandalos en dirección a Vigo.

Cando viaxo no Tren Rexional aproveito para informar ós usuarios de que no ano 2012 non poderán utilizar ese servizo porque non existirá e necesariamente terán que subir no AVE, se é que poden pagar arredor de 3 veces máis polo billete e viven nunha gran cidade, posto que o AVE está destinado a unir exclusivamente grandes cidades no menor tempo posible, e para iso descorre polo medio dos montes abandoando tódalas localidades intermedias, que perderán ese tren que lles prestou servizo durante mais de 120 anos e no que nunca se investiu un céntimo. Para isto repartín polos vagóns uns folletos informativos entre os usuarios, e cando o estaba facendo, un vixiante de seguridade dirixiuse a min e díxome: “Señora, en el tren no se puede distribuir propaganda ni mendigar”; eu contesteille que non estaba mendigando nin promocionando o meu negocio, que estaba simplemente distribuindo información verdadeira e de interese dos usuarios, xa que ninguén lla daba e tiñan dereito a saber a verdade. Ademais, entre outras cousas, tamén estaba defendendo o seu posto de traballo e o de moitos traballadores do sector ferroviario.

Ante a miña resistencia fixo unha chamada telefónica. Nisto, fumos chegando á Estación de Pontevedra e cal foi a miña sorpresa que ó abrirse a porta do tren, no andén, estaba rodeada de gardas de seguridade facéndome xestos coa man para que me baixara. Eu contesteille que tiña pagado o billete ata Vigo e aínda non chegara. A pesares da súa insistencia non me baixei do tren, e cando acabei o meu traballo senteime tranquilamente (é un decir porque as pernas tremíanme) e continúei a viaxe. Pero a sorpresa non fixera máis que comezar. En chegando a Vigo, ó baixar do tren, unha parella da Policía Nacional viña correndo cara min polo andén para, de seguido, identificarme, pedirme o billete, o DNI e decirme que estaba denunciada por Renfe e que lles explicara o ocorrido, ó que accedín sen chistar e lles pedín por favor que uniran á denuncia un folleto dos que repartira anteriormente para que soubesen do que se trataba (eiquí non só me tremían as pernas, tamén se me secou a gorxa porque estaba soa, non tiña conmigo testemuña que dera fé daquilo e sei ben cómo as gastan). Pero afortunadamente quedara



cun compañeiro na Estación, que chegou poucos instantes despois, e puido constatar que o coche da policía que fora a “reducir a esta perigosa delincuente” adiantáralle coa luz de emerxencia prendida cruzando a cidade en dirección a Estación do tren donde se atopaba.

De alí funme directamente á redacción de Radio Vigo e Localia para contarlles o sucedido, conseguindo que ó día seguinte, se ben non saíu unha palabra da persecución, si saíu unha reportaxe sobre a loita da Plataforma.

OM.— Tivéchedes algún incidente máis deste tipo ou semellante, sexa multa, sanción, etc., no tempo que levades de loita, ademais da multa que tamén lle puxeron ó Sindicato de Estudantes por mor da manifestación de maio de 2008 en contra da desaparición do tren rexional?

Lucía.— Desgraciadamente, o noso histórico de multas e sancións non se limita á que se nos impuxo nas carnes de Lucas Picó (representante do Sindicato de Estudantes) na Manifestación de Santiago. Posteriormente seguíronlle varias.

O 19 de xullo do 2008, co paso do último tren pola Estación de Portas, o Alcalde da localidade convocou un corte de vía. Todos acudimos coas nosas pancartas e logotipos, a vía foi cortada e o tren parou; o noso obxectivo foi cumprido. Sen embargo, non soamente se multou ó Alcalde (multa que pagamos o pobo, xa que nin sequera a recorreu), senón que, igualmente, eu fun multada con 1.500 €. Teño que decir que non se me identificou, simplemente llevaba un megáfono e o motivo da miña sanción foi que o logotipo SALVA O TREN estaba na vía e o Subdelegado de Pontevedra coñecía os meus datos, xa que en

anteriores datas recibira algúns escritos da Plataforma.

Outras dúas multas de 500 € cada unha nos foron impostas tanto a min como ó noso Coordinador Xeral, Fernando Gómez Camarero, en data 20/10/08 porque se nos acusou de “Congregar a máis de 30 veciños, impedindo a reparación do cableado cortado no KM 8/3 da vía férrea A Coruña - Pontevedra ó seu paso polo lugar de Souto - A Bouza de Portas (Pontevedra, as 17,15 horas do día 20-10-2008)” alegando que era unha concentración non legalizada e vulnerando a normativa reguladora do Dereito de Reunión (Ley Orgánica 9/1983 de 15 de Julio).

Pero nin convocamos reunión algunha nin eramos máis de 20, senón que fomos convocados ese día polo programa de televisión da Sexta *Caiga Quien Caiga* para gravar unha reportaxe sobre a desaparición do tren rexional en Galicia, que foi emitido con posterioridade e, a pesar de ter aportado unha certificación do director dese programa que así o acreditaba, as multas chegaronnos.

Por outra banda, os nosos DNI's coñécennos moi ben, pois a policía o primeiro que fai sempre é pedírnolos e identificarnos como se foramos delincentes comúns.

Todos esos intentos de amedrentamento teñen como fin meternos na casa para poder actuar ás súas anchas, e iso non vai con nós.

Publicamos a continuación un extracto do resto da extensa entrevista e animámovos a lela enteira en www.elmilitante.net

“Coa chegada do AVE, véndesenos que a Galicia chega unha auténtica revolución das infraestruturas, o tren da



modernidade, porque, a partir do 2012, poderemos ir a Madrid desde Alvedro, Lavacolla ou Peinador, e mesmo en AVE desde a Estación de Vigo, Santiago, A Coruña e Ourense, **PERO NON PODEREMOS IR a Arcade, a Cesantes, a Chapela, ou de Redondela a Vigo, de Padrón a Santiago ou de Ourense a Carballiño, é dicir, poderemos ir a Madrid directamente desde moitos puntos de Galiza, pero non poderemos ir ó pobo do lado, nin a estudar nin ó médico**” (...)

“En Xaneiro deste ano, máis do 12% dos usuarios que utilizou o transporte público en España empleou o Cercanías para desplazarse. Unicamente o 0,67% o fixo no AVE e o tren de longa distancia. Porque este derroche en Infraestruturas en Galicia para o AVE e ademais se elimina o Cercanías?” (...)

“O AVE é unha infraestrutura que ten un terrible impacto medioambiental, e cos cartos que se derrochan nesa infraestrutura en tempos de crise como os actuais, abofé que poderíamos apostar forte por políticas sociais como mellorar a sanidade pública, o ensino, investir en investigación, mellorar as pensións e o subsidio de desemprego, facer efectivas as axudas da Lei de Dependencia e tantas necesidades sociais de primeira orde” (...)

“Galicia é a Comunidade Autónoma que sufriu maior despoboación nos últimos anos porque está a padecer un **proceso de exterminio dos Pobos do mundo rural galego**, onde a nosa sufrida xente resiste, sen posibilidade de sobrevivir. Illar un Pobo sen transporte público eficaz supón sometelo a unhas condicións de vida calculadas para favorecer a súa eliminación se non hai transporte público digno, non hai acceso ós servizos, ó traballo, ó estudo, á cultura, ó desenrolo... e un pobo nesas condicións é un pobo pobre, sometido, e escravo” (...)

“Por iso o presente e o futuro de Galicia necesariamente debe pasar por UN TREN de Cercanías ou Proximidade. **Galicia é a única Comunidade Autónoma do litoral peninsular que non ten Cercanías**” (...)

“A Xunta ten 4.200 millóns para estradas e non ten 100 millóns para desligar a liña do Tren Normal da do AVE (de rapiña). Tampouco hai cartos para investir en sanidade pública e hai que facer hospitais privados porque priman os intereses das grandes aseguradoras como Adeslas, Sanitas, ...etc. Non hai cartos para investir na Lei da Dependencia porque os dependentes non son rendibles; tampouco hai cartos para investir en investigación e na universidade” (...)

“Paréceme doloroso que as organizacións de esquerda non teñan sensibilidade para ocupar o lugar que lles corresponde nesta sociedade e ser dignas de representar os intereses da clase traballadora” (...)

Dende o Xornal O MILITANTE facemos un chamamento ós traballadores e traballadoras para apoiar economicamente á plataforma Salva o Tren, facendo aportacións á seguinte conta: CAIXANOVA 2080 - 0019 - 51 - 0040016075

Éxito do Sindicato de Estudantes nas eleccións ó Claustro da USC

O pasado 5 de maio celebráronse eleccións ó claustro da USC. Dende o SE non facemos ningún fetiche desta institución antidemocrática. Sen embargo, pensamos que é importante que a voz

do estudantado de familias traballadoras pódase escoitar tamén alí. Os resultados do SE, acadando 9 claustrais foron moi positivos e refliten o avance da nosa organización no tempo.

Ano	2000	2002	2004	2006	2008	2010
Número de claustrais do SE	1	1	2	4	7	9

www.sindicatodeestudiantes.net

Os traballadores gregos marcan o camiño Que a crise a paguen os capitalistas!

**Resumo da Declaración da
Corrente Marxista O Militante**
(podes lela enteira en www.elmilitante.net)

Os acontecementos sociais, económicos e políticos que están tendo lugar en Grecia son de extraordinaria importancia para a clase obreira do Estado español, de Europa e de todo o mundo. Os salvaxes ataques contra os traballadores gregos representan unha mostra anticipada do amplo plan de recortes sociais e de dereitos que se cerne sobre o conxunto dos traballadores europeos. Do mesmo xeito, a resposta contundente da clase obreira e a mocidade grega a través de folgas xerais, manifestacións e accións de masas, demostra que existe unha clara determinación a loitar e que este é o único camiño posible para facer fronte ós plans da burguesía.

O 2 de maio pasado, o goberno grego encabezado por Papandreu (PASOK) chegou a un acordo coa Unión Europea (UE) e o Fondo Monetario Internacional (FMI) para recibir un préstamo de 110.000 millóns de euros en tres anos. Pero este diñeiro non irá ó pobo de Grecia. Esta montaña de millóns adicarase a garantir que o Estado grego paga os altos tipos de interese que os bancos europeos reclamanlle por financiar a súa “débeda pública”. A suposta xenerosidade dos gobernos europeos cara Grecia vén determinada exclusivamente polos intereses da banca europea, dona das débedas gregas.

O plan de axuste

Para recibir este préstamo e seguir pagando á banca europea, o goberno de Papandreu comprometeuse a aprobar un plan de axuste salvaxe, que se suma ós tres anteriores. Pretende levar a cabo un recorte orzamentario de 30.000 millóns de euros nos próximos tres anos para reducir o déficit público do actual 13,6% do PIB ó 3% do PIB en 2014. Para iso vaise a aplicar a receita clásica do FMI: recortes nos gastos sociais e nos dereitos laborais, privatizacións, etc. Estamos vendo no corazón de Europa as mesmas medidas que se adoptaron na década dos 80 e 90 do século pasado en América Latina e que foron a antesala dun tremendo xiro social á esquerda e de procesos revolucionarios en moitos deses países.

Concretamente, o paquete de medidas que o parlamento aprobou o xoves 6 de maio, mentres miles de gregos protestaban fronte a el, inclúe:

- Aumento dun 10% dos impostos ó tabaco, alcol, carburantes...
- Un incremento do IVE ata o 23%.
- Conxelación salarial durante tres anos e eliminación das pagas extras e complementos ós traballadores do sector público, no que se paralizará a contratación. Todo isto suporá unha diminución efectiva do salario en torno ó 30.
- Aumento da idade mínima de xubilación. Recorte das pensións e novo sistema de cálculo, ampliándose a toda a vida laboral, aumento dos anos necesarios de cotización (de 37 a 40) para obter a



pensión máxima... Os sindicatos calcularon o recorte das pensións entre un 30% e un 50%.

- Reforma do mercado laboral para facilitar e abaratar o despedimento. Permitirase aumentar do 2% ó 4% o número de despedimentos legais ó mes no sector privado. O FMI presiona para que se proceda ó despedimento de 200.000 traballadores no sector privado.

- O Estado ten que vender as empresas públicas ou reducir substancialmente a súa presenza nelas. Ademais, liberalízase o sector da enerxía e o transporte.

- Redución do número de administracións locais de 1.300 a 340 para aforrar custos.

Estase barallando, tamén, a ampliación da xornada laboral.

A folga xeral do 5 de maio. A clase obreira grega mostra o camiño

A folga do 5 de maio, que é a cuarta folga xeral convocada polos principais sindicatos desde o mes de febreiro, foi un éxito histórico. Este día tiveron lugar as protestas máis amplas desde que se iniciou o movemento en decembro pasado, cunha manifestación multitudinaria, de entre 150.000 e 200.000 persoas nas rúas de Atenas, que se reproduciron en importantes cidades do país como Salónica, Patras, e decenas máis. O éxito da folga é incuestionable e veu precedida de marchas e protestas durante toda a semana.

É evidente que o ambiente de loita que se vive en Grecia está en ascenso e que os manifestantes e a maioría da sociedade grega teñen clara conciencia de que se trata dun enfrontamento directo entre clases.

Por outra banda, a prensa burguesa tratou de desprestixiar esta magnífica loita, co fin evidente de impedir o seu contaxio ó resto de Europa.

En lugar de destacar a masividade e combatividade das mobilizacións, centráronse nas accións minoritarias de grupos de lúmpenes e provocadores policiais. A terrible morte de tres traballadores dun banco veulles *de perlas*. O que en cambio encargáronse de ocultar foi o comunicado dun dos traballadores dese banco, quen denunciou a absoluta falta de medidas antiincendio no banco e afirmou que: “Os meus compañeiros perderon as súas vidas pola malicia do Banco Marfin e do señor Vgenopoulos (un dos principais capitalistas do país), en particular, que afirmou explicitamente que calquera que

non fose traballar hoxe [polo 5 de maio] non debía preocuparse por vir mañá”.

Crise do reformismo

A crise económica, social e política grega non fixo máis que empezar. Efectivamente, como dixo Ilias Iliópulos, secretario xeral do sindicato ADEDY, as medidas de axuste “traerán unha explosión social, a recesión e un estancamento da economía”. As previsións falan xa dunha caída do 4% do PIB para este ano e case do 3% para 2011, que se engaden á caída do 2% experimentada en 2009. Esas medidas botarán máis lastre á economía, aínda que realmente o problema de fondo non é o axuste en si.

O goberno do PASOK, formado logo dunha vitoria electoral irresistible, de que millóns de traballadores e mozos que protagonizaran un profundo e prolongado movemento contra o odiado goberno da dereita depositasen as súas esperanzas nel, está traizoando abertamente á súa base social. No canto de aceptar os plans impostos polo FMI, Papandreu si tiña a posibilidade de optar por outra vía. En primeiro lugar, rexeitar o pago da débeda á banca, que se está aproveitando como unha auténtica sambesuga do diñeiro público, e nacionalizar a banca grega. Paralelamente, o goberno do PASOK teríase que basear na forza da clase obreira grega para resistir o contraataque dos capitalistas, e, ó mesmo tempo, facer un chamamento ó conxunto dos traballadores europeos a seguir o mesmo camiño. O que impediu a Papandreu optar por unha vía genuinamente socialista son os vínculos que Papandreu e a cúpula do PASOK manteñen co gran capital e a crenza de que o capitalismo é o único sistema posible. O que ocorre en Grecia revela tamén a bancarrota total da socialdemocracia, incapaz de defender os intereses da maioría co seu “realismo” político.

Esta crise non é un simple paréntese senón que forma parte dun novo período histórico. Nas actuais circunstancias, a existencia do capitalismo é incompatible coas vantaxes sociais que se conquistaron logo da Segunda Guerra Mundial e que permitiu a un sector da clase traballadora do mundo capitalista desenvolvido gozar de condicións de vida semicivilizadas. A crise grega escenifica o fin definitivo do “estado do benestar” en Europa. A verdadeira disxuntiva é a seguinte: ou capitalismo e a súa lóxica devastadora para a maioría da sociedade ou un sis-

tema socialista baseado na nacionalización da banca, dos grandes monopolios e consorcios capitalistas, para planificar a economía de xeito democrático baixo control obreiro. Non hai termos medios, non hai “capitalismo de rostro humano”.

Transformar as folgas e mobilizacións nunha loita polo socialismo, cun programa de clase e anticapitalista en toda Europa

A posibilidade de que a crise da débeda esténdase a outros países como Portugal, Irlanda, Italia ou o Estado español é real. Insístese moito en que a débeda do Estado español é máis baixa que a media da UE, con todo, o que apenas se ventila é a elevadísima débeda privada, de empresas, bancos e familias. De feito, a suma da débeda pública e privada supón o 350% do PIB.

Os procesos económicos no Estado español non chegaron ó mesmo nivel de gravidade que en Grecia, pero van na mesma dirección.

A única saída á crise e ó pesadelo que viven os traballadores gregos e do resto de Europa é a loita por unha Europa socialista, pola transformación socialista da sociedade mediante a expropiación da banca e os monopolios.

Unificar o movemento obreiro europeo cun programa de loita contra os recortes de gastos sociais e de dereitos sería perfectamente posible se os dirixentes sindicais de todos os países de Europa tivesen a vontade política de facelo e rompen os seus compromisos políticos cos capitalistas.

Hai unha alternativa á crise do capitalismo se terminamos coa ditadura do capital financeiro. Co control democrático dos traballadores e as súas organizacións sobre os medios de produción, liberando as forzas produtivas dos intereses egoístas de cada burguesía nacional, poderíase avanzar nun xenuíno proceso de unificación europea en beneficio da maioría. Así se podería crear emprego, defender unha sanidade e educación pública e servizos sociais de calidade e aumentar o nivel de vida dos traballadores.

A través da súa propia experiencia os traballadores gregos e do resto de Europa sacarán a conclusión de que é necesario un cambio máis profundo, e que a loita actual debe vincularse a un programa de transformación socialista da sociedade.

Chegou a hora de levantar con forza a bandeira do socialismo, de unir a todos os traballadores na loita por unha Federación Socialista de Europa fronte á Europa dominada polos capitalistas.

¡Proletarios do mundo, Unídevos!

- Derrotemos os plans de recortes sociais e austeridade contra os traballadores.
- Por unha gran mobilización europea en solidariedade cos traballadores gregos e en defensa do emprego, as pensións e os servizos sociais. Non ó saqueo dos bancos e os capitalistas do diñeiro público.
- Pola nacionalización da banca baixo control obreiro. Non ó pago da débeda.
- Por unha Federación Socialista de Europa.

Organiza un grupo revolucionario no teu concello, no teu centro de traballo ou de estudos

ÚNETE Á CORRENTE MARXISTA **EL MILITANTE** • www.elmilitante.net

Compostela: 679 500 266 • Coruña: 600 810 516 • Ferrol: 626 746 950 • Vigo: 636 217 248 • Sede estatal: 914 280 248